

Unha campaña xenial

Os alumnos de cuarto estamos máis contentos ca un cuco! E con motivo... Mira que noticia leva a revista do barrio!

Magnífica campaña a favor do medio natural

Un éxito de organización e unha nova marca de reciclaxe escolar



O colexio do noso barrio fai da protección do medio un dos seus trazos de identidade. Lembremos que, ademais de instalar colectores de reciclaxe e sistemas para aforrar auga, dispón dunha horta e de enerxía solar.

Este ano, os rapaces e as rapazas de cuarto realizaron unha espectacular campaña de reciclaxe. Marcaran un obxectivo difícil de alcanzar: reciclar 2500 botellas entre os veciños do barrio. Nin máis nin menos ca 100 botellas por cabeza!

Os escolares traballaron de sol a sol. Confeccionaron car-

teis informativos e colgáronos nos lugares máis transitados do barrio. Explicaron a importancia da reciclaxe a familiares, veciños e amigos. Visitaron os comercios do barrio para presentarles a campaña e pedir a súa colaboración.

Con todo iso, conseguiron reunir non só as 2500 botellas que querían, senón case o dobre: 4964 botellas!

O noso aplauso máis sincero aos alumnos de cuarto por este traballo tan ben feito. Desexamos que esta sexa só a primeira de moitas campañas a favor do medio natural!

Verdade que é unha noticia sensacional?

1 Responde.

- Sobre que fala a noticia?
-
- Quen protagonizou os feitos?
- Onde tivo lugar a campaña?
- Onde sae a noticia do éxito da campaña?

2 Escribe cada palabra no seu lugar.

cuco • organización • reciclar • campaña • espectacular

- ▶ Transformar un obxecto usado para volvelo utilizar.
- ▶ Ave de cor cinsenta que se caracteriza polo seu canto.
- ▶ Que chama moito a atención, que impresiona.
- ▶ Conxunto de actividades publicitarias, informativas, etc., que se levan a cabo durante un período de tempo concreto.
- ▶ Maneira de dispoñer as persoas ou as cousas para que funcionen e consigan un obxectivo determinado.

3 Marca o significado que corresponde a cada expresión.

- Estar máis contento ca un cuco.



Estar moi contento.



Non estar nada contento.

- Traballar de sol a sol.



Traballar pouco.



Traballar moito.

4 Reflexiona e anota as accións que poderíades levar a cabo na clase dentro dunha campaña a prol do medio natural.

